

Especialidades dos corpos	Materias de bacharelato e/ou ESO
Matemáticas.	Informática (ESO).
Organización e xestión comercial.	Economía.
Organización e procesos de mantemento de vehículos.	Economía da empresa.
Organización e proxectos de fabricación mecánica.	Tecnoloxía industrial I e II.
Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.	Tecnoloxía industrial I e II.
Procesos de cultivo acuícola.	Electrotecnia.
Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos.	Bioloxía.
Procesos e produtos en madeira e moble.	Bioloxía.
Procesos sanitarios.	Debuxo técnico I e II.
Sistemas electrónicos.	Bioloxía.
	Tecnoloxía industrial I e II.
	Electrotecnia.
Sistemas electrotécnicos e automáticos.	Tecnoloxía industrial I e II.
	Electrotecnia.

Notas:

Os profesores de asesoría e procesos de imaxe persoal poderán impartir a materia de bioloxía sempre que se trate de licenciados ou graduados en ciencias con formación en bioloxía.

Os profesores de formación e orientación laboral poderán impartir as materias de economía e economía de empresa sempre que se trate de licenciados ou graduados nalguna especialidade da rama de coñecementos de ciencias sociais e xurídicas con formación en economía.

MINISTERIO DO INTERIOR

19273 *REAL DECRETO 1963/2008, do 28 de novembro, polo que se desenvolve o réxime electoral do Consello da Garda Civil. («BOE» 288, do 29-11-2008.)*

I

A Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, creou e regulou no seu título VII o Consello da Garda Civil, un novo órgano colexiado en que participarán representantes dos membros da Garda Civil e da Administración. A finalidade dese órgano será mellorar tanto as condicións profesionais dos gardas civís como o funcionamento da propia institución.

O citado Consello substituirá, o día que se constitúa, e en virtude da disposición transitoria segunda da lei orgánica, o actual Consello Asesor de Persoal da Garda Civil, cuxa composición, funcionamento e procedemento de elección dos seus membros se encontra regulado no Real decreto 4/2002, do 11 de xaneiro.

Pola súa parte, e en virtude do artigo 53.1.a) da citada lei, serán os propios gardas civís os que, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto, elixan os seus representantes no Consello. Ao respecto, o artigo 56.9 determina que regulamentariamente se establecerán as normas complementarias que sexan precisas en materia

de convocatoria, voto e desenvolvemento do procedemento electoral.

Por todo iso, este real decreto, ademais de cumprir o mandato de desenvolvemento regulamentario citado anteriormente, constitúe, xunto coa lei orgánica, o marco legal necesario para regular o procedemento electoral, a través do cal se levará a cabo a elección dos representantes do corpo no Consello da Garda Civil.

II

O contido do real decreto, seguindo as premisas que ao respecto se expoñían no preámbulo da Lei orgánica 11/2007, comparte trazos coa regulación que, en materia electoral, existe noutros colectivos en que se recolle tamén o dereito de libre asociación profesional, tales como os fiscais e os xuíces e maxistrados integrantes da carreira xudicial, como é o caso da regulación do permiso que, dentro da campaña electoral, se concede aos candidatos titulares proclamados como tales.

Ademais diso, no real decreto inclúense os preceptos que, en relación co proceso electoral necesario para formar parte do Consello da Garda Civil, estableceu a citada lei orgánica, e incorpóranse tamén aqueles aspectos máis positivos obtidos durante os últimos anos nos procesos electorais desenvolvidos para a elección de membros ao Consello Asesor de Persoal da Garda Civil.

Desta forma establécese no real decreto un sistema de votación baseado en procedementos electrónicos, ben que coa excepción do voto por correspondencia, e que foi o que caracterizou as convocatorias electorais ao citado Consello Asesor de Persoal. Este procedemento presenta numerosas vantaxes, entre as que destacan a posibilidade de que os electores poidan exercer o seu dereito ao voto en calquera punto de votación e a maior celeridade e simplificación do escrutinio. Non obstante determinase a obriga de que na convocatoria de eleccións se estableza a forma de solucionar as incidencias que se poidan dar na votación, sempre que respondan a causas non imputables ao elector.

Pola súa parte, recóllese de forma innovadora para eleccións deste tipo na Garda Civil a posibilidade de presenza, tanto nos puntos de votación como na sede central onde se realice o escrutinio, de delegados das asociacións profesionais ou agrupacións de electores que presentasen candidaturas.

Á presenza de delegados únense, formando parte da administración electoral, os representantes da Garda Civil que estarán presentes en todos e cada un dos puntos de votación. Iso contribúe a conceder ao proceso electoral maiores garantías e máis capacidade de reacción ante situacións imprevistas, e resulta ao mesmo tempo parte fundamental da decisiva implicación institucional no desenvolvemento do proceso electoral.

Outros aspectos regulados son os referidos ao censo electoral, ás candidaturas, á campaña electoral e á proclamación de electos.

O censo deseñado supón un claro exemplo, xunto ao voto electrónico, da incorporación das novas tecnoloxías a unha gran parte dos ámbitos de actuación da Garda Civil. Desta forma preténdese dispoñer dun censo vivo que recolla de forma actualizada a relación de todos aqueles gardas civís que, figurando no Rexistro de Persoal da Garda Civil, deban ser electores, ben que e co obxecto de garantir a máxima seguranza xurídica, este censo quedará cerrado quince días antes da realización das eleccións, co establecemento dun período de posibles correccións.

Polo que respecta ás candidaturas, e de conformidade coa lei orgánica, inclúense as asociacións profesionais e agrupacións de electores. Ademais, e tendo en conta a presenza da muller na Garda Civil, promóvese a presenza equilibrada de mulleres e homes nas listas de titulares e

suplentes das candidaturas presentadas, para o cal se terá en conta a porcentaxe respectiva en cada escala.

En canto á campaña electoral, de duración máxima de 15 días e baixo a premisa do respecto, entre outros aspectos, á imaxe, ao creto e ao prestixio da Garda Civil, determinase o uso de espazos reservados nos acuartelamentos para a colocación de propaganda electoral e a realización de reunións nas ditas dependencias, as cales terán lugar conforme o artigo 47 da lei orgánica.

Por último, determinase o procedemento polo que a Xunta Electoral realiza a proclamación de electos, tras o cal, e no prazo dos quince días seguintes, deberá quedar constituído o Consello da Garda Civil.

Na tramitación deste real decreto solicitouse o informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa conformidade da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, co informe do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2008,

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

Disposicións preliminares

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas complementarias que sexan precisas en materia de convocatoria, voto e desenvolvemento do procedemento de elección de representantes dos membros do corpo da Garda Civil no Consello da Garda Civil, de acordo co disposto no artigo 56.9 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.

Artigo 2. *Representación por escalas.*

A representación dos membros do corpo no Consello da Garda Civil determinarase por escalas, corresponderá a cada unha delas un vogal no Consello, e un máis por cada 6.000 gardas civís que estivesen en activo nesa escala.

Para os efectos da elección dos seus membros, considerase que constitúen unha soa escala, por un lado, a superior de oficiais e a facultativa superior, e, por outro, a de oficiais e a facultativa técnica.

CAPÍTULO II

Dereito de sufraxio e censo electoral

Artigo 3. *Dereito de sufraxio activo e pasivo.*

1. Serán electores todos os gardas civís en situación de servizo activo ou reserva. Serán elixibles os que estean en situación de servizo activo na correspondente escala.

2. Será causa de inelixibilidade o cambio de escala ou situación administrativa entre a data de presentación da candidatura e a constitución do Consello, caso en que, e de ser necesario, os afectados serán substituídos polos candidatos sucesivos seguindo a orde en que figuren na candidatura.

3. O previsto no número anterior non será de aplicación cando o cambio de escala sexa da superior de oficiais á facultativa superior ou da escala de oficiais á facultativa técnica.

Artigo 4. *Modo de exercer o sufraxio activo.*

1. O sistema de exerceren o sufraxio todos os electores será a través dunha aplicación informática que cumpra as necesarias garantías de confidencialidade, de integridade e de seguranza no contido.

Co fin de garantir os principios consagrados neste artigo, a aplicación rexistrará, de forma irreversiblemente disociada, o voto realizado e o acto da votación polo elector.

Serán de aplicación ao sistema as medidas de seguranza de nivel alto previstas no Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

2. O dereito de sufraxio exercerase persoalmente, e de forma electrónica, nalgún dos puntos de votación establecidos, sen prexuízo do disposto para os casos do voto por correspondencia.

Constitúe un punto de votación o lugar físico, localizado en unidades, centros ou órganos da Garda Civil, en que os electores exercen, de forma electrónica, o seu dereito ao voto. A súa constitución será a disposta no artigo 10 deste real decreto.

3. Ninguén poderá votar máis dunha vez nas mesmas eleccións, nin ser obrigado ou coaccionado baixo ningún pretexto, no exercicio do seu dereito de sufraxio ou para revelar o seu voto.

Artigo 5. *Inscrición e datos que hai que incluír no censo electoral.*

1. O censo electoral, que realizará de oficio a Administración, contén a inscrición daqueles que reúnen os requisitos para seren electores.

2. Constitúe o censo electoral para os efectos de votación a relación de gardas civís que, quince días antes das eleccións, figuran no Rexistro de Persoal da Garda Civil, sempre que na citada data:

a) Estean na situación administrativa de servizo activo ou de reserva.

b) Estean encadrados nalgunha das escalas da Garda Civil.

3. A aplicación informática asegurará que cada elector poida votar a candidatura da súa escala en función dos datos que figuren no censo electoral referido no número anterior.

Artigo 6. *Exposición e rectificación do censo. Acceso aos datos censuais.*

1. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil adoptará as medidas oportunas para que, no prazo máximo de quince días desde a convocatoria das eleccións, todos os gardas civís, incluídos os que estean destinados ou en comisión de servizo fóra do territorio nacional, poidan acceder aos datos propios do censo electoral na forma que se estableza na citada convocatoria.

Os datos mínimos a que se poderá ter acceso serán, ademais do nome e os apelidos do elector, o seu número de documento nacional de identidade, a situación administrativa e a escala a que pertence.

2. As solicitudes de correccións ao censo electoral deberán ter entrada ante a Xunta Electoral ata quince días antes do día da votación.

3. Dentro dos cinco días seguintes, e á vista das reclamacións efectuadas, a Xunta Electoral resolverá e ordenará as rectificacións pertinentes. As súas resolucións poñen fin á vía administrativa.

4. Os representantes de cada candidatura que o soliciten, na forma que se estableza na convocatoria, poderán obter, para os únicos fins contidos no artigo 18 deste

real decreto, unha copia do censo electoral que inclúa unicamente os nomes e apelidos do elector, a escala a que pertence e a súa unidade de destino.

5. Por razóns de seguranza, poderanse excluír da lista referida no número anterior os electores que por razón de destino ou doutra índole sexa necesario e, en todo caso, cando así o soliciten os interesados.

CAPÍTULO III

Administración electoral

Artigo 7. *Administración electoral. Funcións da Xunta Electoral.*

1. A Administración electoral terá por finalidade garantir a transparencia e obxectividade do proceso electoral, de maneira que se respecten os requisitos de sufraxio, a que se refire a Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro.

2. Integrarán a Administración electoral a Xunta Electoral e os representantes titulares e suplentes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil que sexan designados nos puntos de votación.

3. Á Xunta Electoral compételle:

- a) As actuacións referentes ao censo electoral referidas nos artigos 5 e 6 precedentes.
- b) Realizar a proclamación de candidatos.
- c) Garantir e regular a publicidade electoral.
- d) Supervisar a preparación e organización dos puntos de votación.
- e) Subministrar papeletas para o caso do voto por correo.
- f) Constituírse de forma permanente o día das eleccións, mentres duren as votacións, e resolver cantas incidencias xurdan durante a xornada electoral.
- g) Efectuar o escrutinio xeral e o correspondente ao voto por correo.
- h) Publicar o resultado final das eleccións.
- i) Emendar e resolver as reclamacións e consultas no ámbito das súas competencias.
- j) Proclamar as asociacións profesionais representativas.
- k) Proclamar os candidatos electos.
- l) Calquera outra función que, dentro das súas competencias, se lle atribúa na convocatoria.

4. As resolucións que dite a Xunta Electoral poñerán fin á vía administrativa.

Artigo 8. *Composición da Xunta Electoral.*

1. A Xunta Electoral estará composta por igual número de representantes da Administración que das asociacións profesionais que obtivesen representación no Consello da Garda Civil.

2. A Presidencia e a Secretaría da Xunta recaerán en representantes da Administración.

3. Os representantes da Administración serán nomeados polo ministro do Interior dentro dos catro días seguintes ao da convocatoria de eleccións, ben que a presentación como candidato será incompatible coa pertenza á Xunta Electoral.

4. En igual prazo, os representantes das asociacións profesionais serán designados por aquelas que obtiveron representación no Consello da Garda Civil, entre membros do corpo que teñan a condición de electores, e rexerá o mesmo criterio de incompatibilidade que o citado no parágrafo anterior.

5. A Xunta Electoral constituirase formalmente e levantará a acta correspondente nos dous días seguintes ao da designación dos seus compoñentes. O seu funcio-

namento interno realizarase de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. As actuacións que realicen os membros da Garda Civil, na súa condición de compoñentes da Xunta Electoral, terán a consideración de acto de servizo.

Artigo 9. *Circunscrición electoral.*

1. A circunscrición electoral é única para todo o territorio nacional.

2. Na convocatoria de eleccións determinarase o número e localización dos puntos de votación que existirán na circunscrición electoral, e que se adecuarán ao despregamento das unidades da Garda Civil.

Artigo 10. *Prescricións xerais sobre os representantes nos puntos de votación.*

1. En cada un dos puntos de votación existirá, polo menos, un representante titular e outro suplente da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, na convocatoria determinarase a forma de designación, a distribución e o seu número. Igualmente se establecerán as misións que se lles atribúan e que, en todo caso, incluírán supervisar a votación, comprobar que esta se realiza conforme o estipulado neste real decreto, comprobar a acreditación dos delegados e resolver calquera incidente que se presente, en especial os referidos no número cuarto do artigo 21.

Os representantes poderán ser auxiliados na resolución das incidencias informáticas relacionadas coa votación que se produzan polo persoal técnico que se designe, sen que iso supoña a presenza deste último en todos os puntos de votación.

2. Os cargos de representante, tanto titular como suplente, ao igual que o de auxiliar técnico, para o caso de que este último corresponda a persoal da Garda Civil, serán obrigatorios e o exercicio dos seus cometidos terá a consideración de acto de servizo. Non poderán ser desempeñados por aqueles que se presenten como candidatos, sexan designados delegados a que se refire o artigo seguinte, nin polos representantes das asociacións que presentaron candidaturas ou os representantes destas.

Artigo 11. *Delegados das asociacións profesionais e agrupacións electorais que presentaron candidaturas.*

1. As asociacións profesionais e agrupacións de electores que presentaron as súas candidaturas poderán designar, ata dous días despois de que acabe o prazo de presentación destas, un delegado por cada comandancia da Garda Civil e outro máis para o Órgano Central da Garda Civil.

O número de delegados poderase aumentar ata o número máximo que se determine na convocatoria tanto no Órgano Central como naquelas comandancias en que, de acordo coa dispersión territorial dos puntos de votación, o número destes ou o número potencial de electores o faga aconsellable. En tal caso, especificaranse na citada convocatoria as comandancias obxecto deste aumento, con expresión do número máximo de delegados en cada unha delas.

2. Co obxecto de proceder á acreditación dos citados delegados, as asociacións profesionais e agrupacións de electores referidas no número anterior remitirán escrito dirixido á Xunta Electoral, coa data e sinatura da designación, así como a conformidade do designado, que deberá ter a condición de elector. Na convocatoria estableceranse as normas complementarias que sexan necesarias para a súa acreditación.

3. Un mesmo delegado poderase acreditar en máis dunha comandancia, ou no Órgano Central e nunha ou máis comandancias, sen que se poidan superar as cifras de delegados establecidos no número 1 e na convocatoria.

4. Os delegados poderán asistir aos puntos de votación localizados no Órgano Central ou comandancia en que se encontren acreditados, e comunicarse, de ser o caso, co representante da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil presente neles, sobre calquera circunstancia relacionada co desenvolvemento da votación en relación coa regulación que establece para ela este real decreto.

5. Ademais do referido nos parágrafos anteriores, as asociacións profesionais ou agrupacións de electores que presentaron as súas candidaturas poderán designar, no mesmo prazo que para os delegados, nos puntos de votación, un único delegado que asista aos escrutinios regulados no artigo 23; unicamente será considerada neste caso a actuación do delegado como acto de servizo.

6. Os delegados debidamente acreditados, sexa cal sexa o seu emprego, estarán autorizados pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil a que no día das eleccións non lles sexa asignado servizo nas súas unidades. Agás para o caso dos delegados asistentes ao escrutinio a que fai referencia o número anterior, os gastos inherentes á condición de delegado correrán por conta da asociación ou agrupación de electores para a cal se encontre acreditado.

CAPÍTULO IV

Convocatoria de eleccións

Artigo 12. *Requisitos xerais da convocatoria de eleccións.*

1. O Consello da Garda Civil convocará eleccións para a provisión dos seus membros, en representación dos membros da Garda Civil, cunha antelación de tres meses á expiración do mandato destes, convocatoria que será publicada nunha das dúas seguintes edicións do «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

2. En todo caso, a convocatoria deberá establecer a data ou datas das eleccións, que se deberán realizar entre un e tres meses despois da publicación oficial da convocatoria, a concreción dos puntos de votación da circunscripción nacional, a duración da campaña electoral, o número de vogais que se van elixir en aplicación do artigo 53.1 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, e o horario establecido para efectuar a votación.

CAPÍTULO V

Procedemento electoral

SECCIÓN 1.^a CANDIDATURAS

Artigo 13. *Listas de candidatos.*

1. Poderán presentar listas de candidatos ao Consello da Garda Civil:

a) As asociacións profesionais legalmente constituídas de acordo co disposto no título VI da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.

b) As agrupacións de electores sempre que estean formadas, polo menos, polo 10 por cento dos efectivos incluídos no censo electoral da escala a que se presente a candidatura.

Neste caso, os asinantes, cuxa identificación deberá constar de maneira fidedigna, non poderán ter a condición de afiliados a ningunha asociación profesional do corpo da Garda Civil, nin avalar máis dunha candidatura.

2. A presentación de candidaturas débese realizar con denominacións, siglas ou símbolos que non induzan a confusión cos pertencentes ou usados habitualmente por outras asociacións legalmente constituídas.

3. Os candidatos á elección presentaranse mediante listas de ámbito nacional para cada unha das escalas, e deberán pertencer á escala para cuxa elección se presentan.

4. Promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas listas de titulares e suplentes das candidaturas presentadas para o Consello da Garda Civil, para o cal se terá en conta a porcentaxe respectiva en cada escala.

Artigo 14. *Procedemento para presentar candidaturas.*

1. As candidaturas subscritas polos representantes das asociacións profesionais e polos titulares dos órganos de dirección ou coordinación das agrupacións de electores presentaranse ante a Xunta Electoral, dentro dos oito días seguintes ao inicio do prazo de acceso ao censo electoral referido no artigo 6.1.

Dentro do prazo dos cinco días seguintes á finalización de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral procederá á comprobación do cumprimento das condicións por parte das candidaturas, e a lista provisional daquelas publicarase o día seguinte na intranet da Garda Civil.

2. O escrito de presentación de cada candidatura deberá expresar claramente a denominación, siglas e símbolos da asociación profesional ou agrupación de electores que a promove, así como o nome e apelidos dos candidatos incluídos nela, e deberase acreditar a aceptación por escrito destes.

Será representante da candidatura o seu primeiro asinante, e poderá ser substituído pola persoa que se designe no escrito de presentación, a cal deberá ter a condición de elector e pertencer á escala da candidatura.

3. Ás candidaturas presentadas por agrupacións de electores débense xuntar os documentos acreditativos do número de sinaturas e requisitos exixidos para a súa participación nas eleccións polo artigo 13.1.b) deste real decreto.

4. As listas de candidatos deberán conter tantos nomes como postos haxa que cubrir, e igual número de suplentes.

5. Xunto ao nome e apelidos dos candidatos poderase facer constar a súa condición de independente.

Artigo 15. *Proclamación de candidaturas. Recursos.*

1. Unha vez publicada a lista provisional de candidaturas, disporase dun prazo de cinco días para solicitar á Xunta Electoral as correccións que se consideren oportunas.

Dentro dos catro días posteriores á finalización do prazo de presentación de correccións, a Xunta Electoral realizará a proclamación de candidaturas e a resolución correspondente publicarase o día seguinte na intranet da Garda Civil.

2. As candidaturas non poderán ser obxecto de modificación unha vez presentadas, agás para a emenda de erros, que se deberá efectuar no prazo de dous días desde a publicación da lista definitiva de candidaturas.

3. A partir da proclamación, calquera candidato excluído e os representantes das candidaturas proclamadas ou cuxa proclamación fose denegada poderán interpor, contra os acordos da Xunta Electoral, os recursos que legalmente procedan ante o órgano xudicial competente.

Artigo 16. *Campaña de carácter institucional.*

A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil realizará, durante o período electoral, unha campaña de carácter institucional, destinada a informar e promover a participación dos membros da Garda Civil, sen influír na orientación do voto.

Artigo 17. *Disposicións xerais sobre a campaña electoral.*

1. Entenderase por campaña electoral, para os efectos deste real decreto, o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, asociacións profesionais ou agrupacións de electores para a captación de sufraxios.

Os actos de campaña electoral, así como a documentación para tal efecto difundida polas candidaturas, estarán suxeitos aos principios básicos de actuación das forzas e corpos de seguranza do Estado, e terán como límites o respecto dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución e, especialmente, o dereito á honra, á intimidade, á propia imaxe, así como o creto e prestixio da Garda Civil e de todos os seus integrantes.

2. A campaña electoral durará un máximo de quince días, comezará sempre en data posterior á proclamación de candidaturas, e rematará, en todo caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior á votación.

Artigo 18. *Propaganda e actos de campaña electoral.*

1. Non poderá difundirse propaganda electoral nin realizarse acto ningún de campaña electoral unha vez que esta rematase legalmente nin tampouco durante o período comprendido entre a convocatoria de eleccións e a iniciación legal da campaña, agás as actividades habitualmente realizadas polas asociacións profesionais no exercicio das súas funcións legalmente recoñecidas.

2. Todas as asociacións ou agrupacións electorais que presenten candidaturas, disporán, en cada acuartelamento da Garda Civil, de lugares reservados para a colocación de carteis de propaganda electoral.

Cada un destes lugares será distribuído de forma proporcional entre as candidaturas das asociacións que son representativas, garantindo, de ser o caso, unha parte deste ás daquelas que non o sexan e que así o soliciten.

3. A realización de reunións relativas á campaña electoral nas dependencias da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil axustarase ao estipulado no artigo 47 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro.

4. Os xefes das unidades onde se vaian realizar as reunións de campaña electoral atribuirán os locais atendendo ao criterio de igualdade de oportunidades e, en caso de coincidir en datas e horarios, terán preferencia as asociacións representativas e, de persistir a igualdade, seguirase a orde de entrada da solicitude na unidade.

5. Habilitaranse espazos na intranet da Garda Civil, que se poderán estender tamén ao dominio web da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil na internet, onde as diferentes candidaturas poderán expor a súa propaganda electoral de acordo co estipulado no artigo 17.

6. Durante a campaña electoral, os candidatos titulares proclamados como tales terán dereito a un permiso de ata tres días.

A competencia para outorgar este permiso corresponde ao director xeral da Policía e da Garda Civil.

Artigo 19. *Voto por correspondencia.*

1. Os electores que prevexan que na data de votación se encontrarán no estranxeiro ou non poderán exercer o dereito de voto, terán a posibilidade de emitir o seu

voto por correspondencia, con suxeición ao procedemento que se determine na convocatoria que, en todo caso, garantirá o carácter tanto secreto como persoal dos votos emitidos por correspondencia e establecerá que estes, para seren válidos, se deberán recibir cunha antelación suficiente na Xunta Electoral para que produzan efecto na data en que teñan lugar as eleccións.

2. A persoa autorizada a votar por correspondencia non poderá exercer ese dereito electronicamente.

SECCIÓN 2.^a VOTACIÓNS**Artigo 20. *Constitución dos puntos de votación.***

1. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil adoptará as medidas necesarias para que os puntos de votación estean preparados á hora de inicio da xornada electoral.

2. O exercicio do dereito ao voto realizarase coas debidas condicións de intimidade, e os medios informáticos do punto de votación deberán estar instalados, sempre que iso sexa posible, nun espazo independente.

Artigo 21. *Disposicións xerais sobre votacións.*

1. O horario das votacións será fixado na convocatoria e deberá comprender un mínimo de oito horas nunha ou máis xornadas electorais.

2. O dereito a votar acreditarase pola inclusión no censo electoral referido no artigo 5.2 e pola identificación do elector, que se realizará mediante a súa tarxeta de identidade profesional.

3. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil dará as instrucións oportunas que permitan compatibilizar a prestación do servizo co exercicio do dereito de voto.

4. As incidencias que se poidan dar na votación, sempre que respondan a causas non imputables aos electores e que impidan o exercicio do seu dereito ao voto, serán solucionadas na forma en que se determine na convocatoria, e o representante da Garda Civil deberá dar conta inmediata da incidencia á Xunta Electoral, que resolverá o procedente. En todo caso, o representante da Garda Civil levantará a acta correspondente da incidencia producida con expresión da resolución que adopte a Xunta Electoral.

5. Para os efectos referidos no número anterior considerárase, en todo caso, causa imputable ao elector a caducidade do certificado electrónico da tarxeta de identidade profesional.

Artigo 22. *Votación.*

Cada elector poderá dar o seu voto a unha soa das listas presentadas, correspondente á escala en que figure no censo electoral referido no artigo 5.2, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto.

O voto realizarase de modo electrónico, agás o disposto para o voto por correo, nalgún dos puntos de votación que figure na convocatoria.

SECCIÓN 3.^a ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE ELECTOS**Artigo 23. *Escrutinio xeral e actas de escrutinio e de votación por correo.***

1. O escrutinio xeral iniciarase antes das dúas horas seguintes á finalización do horario de votación, e realizarao a Xunta Electoral.

2. Consistirá na imputación electrónica a cada candidatura dos votos que lle correspondan, así como a impresión en papel dos datos totais ofrecidos pola aplicación informática, que conterá o número de votantes, votos válidos, votos nulos, votos en branco e votos obtidos por

cada candidatura. Esta documentación constará na acta do escrutinio xeral, que será subscrita por todos os membros da Xunta Electoral, e poderase dar copia dela ás candidaturas que o soliciten.

Para os efectos de garantir que o cómputo final dos votos responde á vontade manifestada polos electores, a aplicación informática someterase, con carácter previo, a unha auditoría externa practicada por unha empresa ou institución independente.

3. Posteriormente á finalización do escrutinio xeral, a Xunta Electoral constituirase en Mesa Electoral, co obxecto de proceder ao escrutinio dos votos recibidos por correo.

Para tal fin, o secretario anotará informaticamente os nomes dos votantes na correspondente lista, comprobando ao mesmo tempo que o sobre que contén o voto se corresponde coa escala do elector. Unha vez realizado isto, o presidente da Xunta Electoral procederá a introducir na urna ou urnas os sobres cos votos recibidos por correo ata a hora marcada de finalización das eleccións. Acto seguido procederase ao escrutinio manual dos votos recibidos por correo. Eses votos adxudicarase informativamente ás candidaturas que correspondan para a súa incorporación aos resultados do escrutinio xeral.

Será nulo o voto emitido en sobre ou papeleta diferente do modelo oficial, o emitido en papeleta sen sobre ou en sobre que conteña máis dunha papeleta, así como a papeleta introducida en sobre de escala distinta a aquela en que figura o elector na lista definitiva do censo. Serán tamén nulos os votos emitidos en papeletas en que se modificaron, engadiron, sinalaron ou riscaron nomes dos candidatos comprendidos nela ou se alterou a súa orde de colocación, así como aquelas en que se produciu calquera outro tipo de alteración.

Considerarase voto en branco, pero válido, o sobre que non conteña papeleta.

Realizado o escrutinio e levantada a acta a que se refire o parágrafo seguinte, as papeletas consideradas como votos válidos serán destruídas en presenza da mesa antes de rematar a sesión.

Do resultado do escrutinio do voto por correo levantarase a acta de votación por correspondencia, que incluírá o número de papeletas lidas, o de papeletas nulas e o de papeletas válidas, distinguindo dentro delas o número de votos en branco e o de votos obtidos por cada candidatura. Poderase dar copia da acta ás candidaturas que o soliciten.

4. Os delegados debidamente acreditados a que se refire o artigo 11.5 poderán asistir tanto ao escrutinio xeral como ao correspondente aos votos recibidos por correo.

Artigo 24. *Proclamación de electos e acta de proclamación.*

1. Mediante o sistema de representación proporcional atribuirase a cada lista o número de postos que lle correspondan, de conformidade co cociente que resulte de dividir o número de votos válidos polo de postos que se vaian cubrir. Os postos sobrantes, de ser o caso, atribuiranse ás listas, en orde decrecente, segundo o resto dos votos de cada unha delas. En caso de empate, será elixido o candidato pertencente á lista máis votada e, de persistir o empate, resolverase polo sorteo que determine a Xunta Electoral. Dentro de cada lista elixiranse os candidatos pola orde en que figuren na candidatura.

2. Concluído o escrutinio, procederase, dentro dos dous días seguintes, á publicación na intranet da Garda Civil da lista provisional de resultados, e os representantes das candidaturas disporán dun prazo de tres días para presentar, ante a Xunta Electoral, as reclamacións que consideren oportunas.

A Xunta Electoral resolverá nos dous días seguintes e efectuará seguidamente a proclamación de electos.

3. Confeccionarase unha acta de proclamación, que será subscrita polo presidente e o secretario da Xunta e conterá mención expresa do número de votantes, dos votos válidos, dos votos nulos, dos votos en branco, dos votos obtidos por cada candidatura, do número de representantes destas ao Consello da Garda Civil, así como a relación nominal dos electos. Nela sinalaranse tamén as reclamacións producidas e as resolucións adoptadas. Entregaranse copias certificadas da acta ás asociacións ou agrupacións de electores que o soliciten.

4. A Xunta Electoral expedirá aos electos credenciais da súa proclamación e publicará no «Boletín Oficial de la Guardia Civil» o cómputo global dos resultados para os efectos de declarar o grao de representatividade das asociacións profesionais.

Artigo 25. *Constitución do Consello.*

O Consello da Garda Civil deberase constituír formalmente dentro dos quince días seguintes á proclamación de electos referida no artigo 24.2, e nese momento cesará o Consello saínte.

Con antelación á citada data, os ministros do Interior e de Defensa designarán os vogais representantes da Administración xeral do Estado no Consello da Garda Civil.

Disposición adicional primeira. *Calendario da convocatoria.*

Todos os prazos sinalados por días neste real decreto entenderase que o son en días naturais. Na publicación da convocatoria establecerase o calendario concreto das eleccións que, seguindo os prazos marcados neste real decreto, se prorrogará ao primeiro día hábil seguinte cando o último día do prazo sexa inhábil.

Disposición adicional segunda. *Da publicación no «Boletín Oficial de la Guardia Civil» (BOGC).*

A publicación na intranet da Garda Civil producirá os efectos oportunos en canto á efectividade e ao cumprimento de prazos que establece este real decreto. Isto sen prexuízo da publicación posterior que se poida realizar no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

Disposición adicional terceira. *Papeletas para o voto por correo.*

O voto por correo realizarase mediante o uso de sobres e papeletas de candidatura cuxos modelos oficiais serán postos á disposición dos electores que o soliciten e que serán aprobados polo Consello da Garda Civil e, nas primeiras eleccións, polo Ministerio do Interior na súa convocatoria.

As papeletas e sobres deberán distinguir claramente a pertenza a cada unha das escalas, polo que constarán dos signos e elementos identificativos pertinentes.

Disposición adicional cuarta. *Actualización das tarxetas de identidade profesional.*

Coa debida antelación á realización de eleccións, a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil adoptará as medidas oportunas para facilitar que os electores teñan coñecemento, tanto da necesidade de que as súas tarxetas de identidade profesional (TIP) con que farán efectivo o seu dereito ao voto se encontren actualizadas e plenamente operativas, como do procedemento para, de ser o

caso, solucionalo. Os electores deberán levar a cabo as ditas medidas.

Disposición transitoria primeira. *Comisión electoral.*

As facultades que, en materia electoral, se atribúen á Xunta Electoral neste real decreto, posúiraas, nas primeiras eleccións que se convoquen, unha comisión electoral constituída para o efecto por un representante de cada unha das asociacións profesionais da Garda Civil legalmente constituídas na data da convocatoria, e que así o soliciten, e igual número de representantes da Administración. A comisión electoral rexeráse polas normas reguladoras da Xunta Electoral que sexan aplicables.

Na convocatoria electoral poderase establecer un número máximo de compoñentes na comisión electoral.

Será incompatible coa pertenza á comisión electoral presentarse como candidato.

As actuacións que realicen os membros da Garda Civil, na súa condición de compoñentes nesta comisión electoral, terán a consideración de acto de servizo.

Os representantes da Administración nesta comisión electoral serán nomeados polo ministro do Interior.

Disposición transitoria segunda. *Espazos para propaganda electoral nas primeiras eleccións.*

Nas primeiras eleccións que se realicen, a distribución de espazo para colocar propaganda electoral, nos lugares reservados para iso, a que se refire o artigo 18.2, realizárase de forma equitativa entre as listas das candidaturas existentes que solicitasen, expresamente, a reserva de espazo neses lugares.

Disposición transitoria terceira. *Renovación dos membros do Consello Asesor de Persoal.*

Non se realizará a renovación que correspondese facer no ano 2008 aos membros do Consello Asesor de Persoal, conforme o estipulado no artigo 9 do Real decreto 4/2002, do 11 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e procedemento de elección dos membros do Consello Asesor de Persoal do Corpo da Garda Civil e o réxime aplicable a estes, prorrogando o seu mandato ata a constitución do Consello da Garda Civil, momento a partir do cal o Consello Asesor de Persoal quedará extinguido.

Disposición transitoria cuarta. *Convocatoria das primeiras eleccións.*

As primeiras eleccións para elixir os representantes dos membros do corpo da Garda Civil serán convocadas polo Ministerio do Interior mediante orde ministerial que se publicará no «Boletín Oficial del Estado» e que incorporará, entre outros aspectos, a data das eleccións, que deberán ter lugar entre un e tres meses despois da publicación oficial da convocatoria, a concreción dos puntos de votación da circunscrición nacional, a duración da campaña electoral, o número de vogais que se van elixir en aplicación do artigo 53.1 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, e o horario establecido para efectuar a votación, así como calquera outro trámite preciso para realizar as eleccións ao Consello da Garda Civil.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para desenvolvemento.*

Habilítase o ministro do Interior para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

19274 *REAL DECRETO 1964/2008, do 28 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.* («BOE» 288, do 29-11-2008.)

A provisión de prazas en centros públicos, mediante concurso de traslados, polos funcionarios de carreira dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de catedráticos e profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño, de profesores técnicos de formación profesional, de mestres de taller de artes plásticas e deseño, de inspectores ao servizo da Administración educativa e de inspectores de educación, réxese polo Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo en centros públicos de preescolar, educación xeral básica e educación especial, modificado polo Real decreto 1664/1991, do 8 de novembro, así como polo Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.

A promulgación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, supuxo, entre outras moitas, unha modificación na ordenación da función pública docente ao regular a incorporación de tres novos corpos docentes, os corpos de catedráticos de ensino secundario, de catedráticos de artes plásticas e deseño e de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, corpos en que se integran os funcionarios dos respectivos corpos de profesores coa condición de catedrático.

Realizada esa integración e tendo en conta que, de conformidade co establecido nos números 3 e 5 da disposición adicional oitava da citada lei, esta fíxose efectiva nos mesmos postos que tiñan asignados no momento de se producir, que se incorporaron aos novos corpos coa antigüidade que tiñan na condición de catedrático nos seus respectivos corpos e que estes funcionarios deberán participar nos concursos de provisión de postos conxuntamente cos funcionarios dos corpos de profesores dos niveis correspondentes, ás mesmas prazas vacantes, faise necesario ter en conta estas circunstancias para os efectos de garantir a mobilidade destes funcionarios mediante a súa participación nos concursos de provisión de postos.

Doutra parte, o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de edu-